Deputación DA CORUÑA
www.dacoruna.gal
BOLETÍN OFICIAL DA PROVINCIA DA CORUÑA
D.L.: C-1-1958
BOP
BOLETÍN OFICIAL DE LA PROVINCIA DE A CORUÑA
LUNS, 6 DE XULLO DE 2020 LUNES, 6 DE JULIO DE 2020 | BOP NÚMERO 101

# ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

## XUNTA DE GALICIA

**Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**

*Augas de Galicia*

Servizo Territorial da Zona Galicia Centro

*DH.A15.71141 Solicitude de concesión de augas públicas presentada por Casa Grande de Xanceda, S.L. (Mesía)*

**SERVIZO TERRITORIAL DA ZONA HIDROGRÁFICA DE GALICIA-CENTRO**

**ANUNCIO**

**Expediente: DH.A15.71141**

Casa Grande de Xanceda, S.L. solicita de Augas de Galicia un caudal de 50.138 m3/ano de augas procedente de diversos mananciais no lugar da Casagrande, parroquia de Xanceda (San Salvador), no t.m. de Mesía (A Coruña), con destino aos usos doméstico, gandeiro e industrial. O presente anuncio ten por obxecto abrir a regulamentaria información pública que prescribe o artigo 109 do Regulamento do dominio público hidráulico.

As características do aproveitamento son:

**SOLICITANTE:** Casa Grande de Xanceda, S.L.

**CAUDAL:** 1,589 litros/segundo

**DESTINO:** Uso doméstico, gandeiro e industrial

**ORIXE:** Mananciais e pozo de barrena

**LUGAR:** A Casagrande

**PARROQUIA:** Xanceda (San Salvador)

**CONCELLO:** Mesía

As obras descríbense no documento titulado “Proyecto técnico para la solicitud de autorización para la captación de aguas en la granja Casa Grande de Xanceda en Mesía (A Coruña)”, de marzo de 2020.

Os consumos actuais da Casa Grande de Xanceda clasifícanse en:

- **Consumo asimilable a doméstico,** da plantilla de traballadores, e do consumo de actividades culturais, asociado ás visitas didácticas á granxa.
- **Consumos de uso doméstico,** asociado ás casas privadas existentes na propiedade dalgúns traballadores.
- **Consumo asimilable a doméstico,** da plantilla de traballadores, e do consumo de actividades culturais, asociado ás visitas didácticas á granxa.
- **Consumos agropecuarios de gandería,** asociados ó consumo do gando e todos os seus servizos auxiliares (resgardo de ganado, sala de ordeño, almacenamento de leite. Neste caso a limpeza do establo realízase con auga reutilizada na factoría.
- **Consumo industrial,** da fábrica de produtores de iogures e derivados lácteos, embalaxe e distribución.

| Denominación | Tipo | Coordenada X | Coordenada Y | Parcela catastral |
|---|---|---|---|---|
| F12 | Aros de formigón | 559.917,44 | 4.770.523 | 15048A01400041 |
| F12.1 | Drenaxe soterrado | 559.908,99 | 4.770.513,65 | 15048A01400041 |
| F13 | Aros de formigón | 560.068,00 | 4.770.509,47 | 15048A01400041 |
| F13.1 | Drenaxe soterrado | 560.061,35 | 4.770.504,03 | 15048A01400041 |
| F16 | Afloramento | 560.148,61 | 4.770.321,76 | 002100700NH67A |
| F17 | Aros de formigón | 560.155,49 | 4.770.323,59 | 002100700NH67A |
| F18 | Aros de formigón | 560.149,32 | 4.770.302,01 | 002100700NH67A |
| P_BARRENA_209 | Pozo de barrena | 560.111,63 | 4.770.244,58 | 15048A01400043 |

Existen outras fontes de subministro que se utilizan como bebedoiros do gando e que se definen no proxecto.

Número de anuncio 2020/4286

O que se fai público para xeral coñecemento, por un prazo de vinte (20) días naturais a partir do seguinte á data de publicación no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que os que se sintan prexudicados poidan presentar as súas reclamacións, durante o prazo sinalado, no Concello de Mesía ou nas oficinas deste servizo, situadas na rúa Tomiño, número 16, baixo, en Santiago de Compostela, onde estará exposto o expediente de que se trata, para que poida ser examinado por quen o desexe.

Santiago de Compostela, 1 de xuño de 2020

O xefe do servizo territorial

Ángel Gómez Rey

2020/4286